

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11073 *Lei 46/2015, do 14 de outubro, pola que se modifica a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A disposición derradeira décimo segunda da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, establece que, no prazo de seis meses a partir da súa entrada en vigor, «o Goberno remitirá ao Congreso dos Deputados un proxecto de lei para a reforma do réxime transitorio da Lei da carreira militar, tras a experiencia adquirida na súa aplicación» e que «para estes efectos, a Comisión de Defensa do Congreso dos Deputados emitirá un ditame con carácter previo, que aborde os diferentes elementos do período transitorio da lei, en particular os referidos á promoción e cambio de escala, réxime de ascensos, antigüidade, paso á situación de reserva e recoñecementos académicos da formación adquirida, así como ao retiro do persoal discapacitado, considerando, se for o caso, os correspondentes efectos económicos».

A Comisión de Defensa aprobou, na súa sesión do 9 de xullo de 2014, o informe da Subcomisión de reforma do réxime transitorio da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, no cal, tras delimitarse o alcance do mandato do lexislador, se levou a cabo unha análise das propostas realizadas tanto en relación con cada unha das materias incluídas naquel como con outras materias recollidas na propia Lei da carreira militar. A dita análise concluíu coa formulación de diversas propostas que agora son recollidas nesta modificación lexislativa, e así dáse cumprimento ao mandato contido na Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo.

Con esta reforma defínese a vinculación efectiva do persoal militar que pase a retirado en especiais circunstancias mediante a súa adscrición voluntaria ás Forzas Armadas, ao cal se lle permite alcanzar sucesivos ascensos honoríficos; regúlase a concesión de emprego a suboficiais retirados que non se puideron acoller á disposición adicional décima da Lei da carreira militar; modifícanse as condicións para o ascenso ao pasar á situación de reserva; amplíase en dous anos o prazo para cumprir o requisito de contar con máis de trinta e tres anos desde o ingreso nas Forzas Armadas para o paso voluntario á reserva ao facer os 58 anos para determinados corpos e escalas; facilítase o acceso á condición de permanente do militar de complemento, e establécese a concesión dun emprego honorífico a persoal que pasou directamente á situación de retirado sen pasar pola situación de reserva, sempre que ao pasar a retiro contase con vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar profesional e, en calquera caso, para os que o fixeron en acto de servizo.

Por outro lado, tras máis de sete anos desde a entrada en vigor da Lei da carreira militar, considérase necesario aclarar ou detallar cuestións que a experiencia demostrou que están insuficientemente definidas. Deste modo, detállanse aspectos relacionados coa recuperación de baixas nos centros de formación, a valoración de méritos nos procesos de promoción, a necesidade de especialización a partir de determinados empregos, a necesidade de regular regulamentariamente aspectos relacionados con avaliacións e cos procedementos para o paso á situación de suspensión de funcións, a provisión de destinos e comisións en circunstancias excepcionais, a unificación de criterio nas resolucións dos

recursos relacionados con expedientes de condicións psicofísicas, o sistema de cómputos de períodos de baixas, o momento da adquisición da condición de militar de tropa e mariñeiría, así como coa posibilidade de que o persoal militar poida solicitar a redución do importe do complemento específico para os efectos da Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo único. *Modificación da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.*

A Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, modifícase nos seguintes termos:

Un. Os números 1 e 2 do artigo 24 quedan redactados como segue:

«1. En atención a méritos excepcionais ou circunstancias especiais, o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, poderá conceder, con carácter honorífico, o emprego inmediato superior aos militares que pasasen ao retiro ou resolvan o seu compromiso. Os empregos con carácter honorífico tamén se poderán conceder a título póstumo.

2. A iniciativa para a concesión de empregos con carácter honorífico corresponderá ao xefe de Estado Maior da Defensa ou aos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, que motivarán os méritos e circunstancias que concorran. Na tramitación dos expedientes figurará o informe do Consello Superior do Exército correspondente.

En todo caso, iniciarase expediente para a concesión do emprego superior con carácter honorífico e concederáse aos militares falecidos en acto de servizo ou que se retiren ou resolvan o seu compromiso por incapacidade permanente para o servizo, sempre que se produza en acto de servizo ou como consecuencia deste, salvo que exista proposta motivada contraria á concesión do dito emprego, caso en que o ministro de Defensa acordará sobre a posible elevación ao Consello de Ministros.»

Dous. Engádesse un novo artigo, o 24 bis, co seguinte contido:

«Artigo 24 bis. *Vinculación honorífica coas Forzas Armadas.*

1. En atención ás especiais circunstancias que motivasen o paso ao retiro ou a resolución do compromiso por incapacidade permanente para o servizo, producida en acto de servizo ou como consecuencia deste, o militar poderá quedar vinculado con carácter honorífico coas Forzas Armadas.

2. Mediante orde do ministro de Defensa determinaranse as especiais circunstancias mencionadas no número anterior.

3. A vinculación honorífica comprende a adscrición do interesado á unidade que se determine e, se for o caso, a concesión de sucesivos empregos con carácter honorífico cos límites e nas condicións que, en función da súa participación e colaboración coa unidade de adscrición, se establezan por orde do ministro de Defensa.

4. A concesión da vinculación honorífica corresponderá ao ministro de Defensa, logo de petición do interesado que reúna os requisitos indicados no número 1 anterior. A concesión do primeiro emprego con carácter honorífico efectuarase conforme o artigo 24 desta lei, e os sucesivos concederáos o ministro de Defensa por iniciativa do xefe de Estado Maior da Defensa e dos xefes de Estado Maior do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire, no ámbito das súas respectivas competencias, e logo do informe do Consello Superior do Exército correspondente.

5. A concesión destes empregos non terá ningún efecto económico nin suporá modificación da pensión que como retirado perciba o interesado.»

Tres. O número 2 do artigo 56 queda redactado como segue:

«2. Os órganos de selección non poderán propor o ingreso nos centros docentes militares de formación dun número superior ao de prazas convocadas. Non obstante, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados antes do seu ingreso ou, se for o caso, antes de finalizar o período de orientación e adaptación á vida militar que se fixe na convocatoria, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos para o seu posible nomeamento como alumnos. Alcanzada a data de ingreso nos centros docentes militares de formación que proceda, segundo o establecido no número anterior, extínguese calquera outro dereito derivado do proceso selectivo.»

Catro. O número 1 do artigo 62 queda redactado como segue:

«1. O Ministerio de Defensa impulsará e facilitará os procesos de promoción que permitan o cambio de escala e, se for o caso, de corpo, dos militares profesionais que reúnan os requisitos exixidos. Neses procesos valoraranse os méritos, incluído o tempo de servizos, reservaranse prazas de ingreso e, se for o caso, daranse facilidades para a obtención de titulacións do sistema educativo xeral. Así mesmo, efectuarase unha valoración efectiva da experiencia profesional e da formación, acreditadas coas correspondentes titulacións, validacións e equivalencias ou créditos de ensinanzas universitarias. Os ditos procesos poderanse levar a cabo con fases de ensino a distancia.»

Cinco. Engádese un cuarto parágrafo ao número 1 do artigo 75, do seguinte teor:

«Regulamentariamente establecerase o sistema de formación e adquisición das ditas especialidades, que debe permitir o desenvolvemento dunha carreira que recoñeza os méritos e traxectoria dos membros das Forzas Armadas.»

Seis. Engádese un novo número 4 ao artigo 92, co seguinte contido:

«4. Regulamentariamente estableceranse as medidas necesarias para que os órganos de avaliación para o ascenso informen da situación procesual dos avaliados á autoridade responsable da súa concesión.»

Sete. Engádense tres novos números, 3 bis, 7 e 8, ao artigo 101, que terán a seguinte redacción:

«3 bis. A vítima de acoso, abuso ou agresión sexuais, unha vez acordada a incoación do procedemento disciplinario por falta moi grave ou admitida a trámite a denuncia por delito, terá dereito a solicitar unha comisión de servizo en distinta unidade ou localidade daquela en que ocorreron os feitos.»

«7. As normas xerais de provisión de destinos poderán incluír a asignación temporal de destinos ao militar no cal concorran circunstancias excepcionais de conciliación da vida profesional, persoal e familiar, baseadas en motivos de saúde, discapacidade ou dependencia do militar ou dos seus familiares. Estes destinos poderanse asignar sen publicación previa da vacante, nas condicións e coas limitacións que regulamentariamente se determinen.

«8. Os militares que sexan considerados vítimas do terrorismo, conforme o previsto na Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, terán dereito á asignación dun novo destino, nas condicións que regulamentariamente se determinen.»

Oito. Engádesse un novo parágrafo, entre os actuais primeiro e segundo parágrafo, no número 2 do artigo 111, co seguinte contido:

«Regulamentariamente estableceranse as medidas necesarias para determinar os supostos en que se deberá acordar a tramitación de urxencia nos procedementos para o paso á situación de suspensión de funcións.»

Nove. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 120 da Lei 39/2007, que terá a seguinte redacción:

«O expediente, en que constará o ditame do órgano médico pericial competente, será valorado por un órgano de avaliación en cada exército e elevado ao ministro de Defensa, para a resolución que proceda.»

Dez. Engádesse un novo número 4 ao artigo 121 (e renumérase o 4 como 5), coa seguinte redacción:

«4. Para os efectos dos números 2 e 3 deste artigo, computaranse os períodos de recaída. Enténdese que esta existe cando o afectado cause baixa para o servizo novamente nun prazo inferior a seis meses e é consecuencia do mesmo proceso patolóxico, e que, por tanto, non se inicia un novo período de insuficiencia temporal.
5. (...)»

Once. Engádesse un segundo parágrafo ao número 4 da disposición adicional décima, co seguinte contido:

«Os suboficiais procedentes dos corpos de suboficiais en retiro por incapacidade permanente poderán solicitar o emprego e antigüidade asignados ao que os siga no curso de aptitude para o acceso ás ditas escalas ou no escalafón e que figure nesa reordenación por encontrarse en servizo activo ou reserva, e sempre co límite de que as datas de antigüidade nos empregos resultantes da reordenación sexan anteriores á data en que cada un pasou á situación de retiro e de que non supoña un emprego e antigüidade posteriores á data en que o afectado fixo os 61 anos de idade.»

Doce. Engádesse unha nova disposición adicional, a décimo segunda, co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo segunda. *Posibilidade de que o persoal militar cuxos empregos son equivalentes para efectos retributivos aos subgrupos A1, A2, C1 e C2 solicite a redución, por petición propia, do complemento específico.*

1. O persoal militar cuxos empregos son equivalentes para efectos retributivos aos subgrupos A1, A2, C1 e C2, incluído no ámbito de aplicación do Real decreto 517/1986, do 21 de febreiro, do réxime de incompatibilidades do persoal militar, poderá solicitar ante os mandos ou a Xefatura de Persoal dos Exércitos ou ante a Dirección Xeral de Persoal do Ministerio de Defensa, para os destinados na estrutura allea a estes e, no caso da Garda Civil, ante a Subdirección Xeral de Persoal da Dirección Xeral da Garda Civil, a redución do importe do complemento específico correspondente ao posto que desempeñan co obxecto de adecualo á porcentaxe a que se refire o artigo 16.4 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. Exclúese desta posibilidade o persoal militar cuxos empregos son equivalentes, para efectos retributivos, aos subgrupos A1 e A2, que ocupe postos en gabinetes de membros do Goberno e altos cargos da Administración xeral do Estado, e o que desempeñe postos que teñan asignado complemento de destino de nivel 30 e 29.»

Trece. Engádesse un cuarto parágrafo ao número 7 da disposición transitoria quinta, co seguinte contido:

«O Goberno, analizadas as necesidades específicas das Forzas Armadas, dotará as prazas necesarias para facilitar a permanencia dos militares de complemento.»

Catorce. Modifícase a disposición transitoria sexta, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria sexta. *Ascensos en reserva.*

Os tenentes coroneis, os comandantes e os capitáns que pasen á situación de reserva a partir da entrada en vigor desta lei, pertencen a unha escala na cal exista o emprego de coronel, non teñan limitación legal para ascender e cumplan antes do 30 de xuño de 2019 dez anos no seu emprego, computando o tempo en reserva, poderán obter, se o solicitan, o emprego de coronel, tenente coronel ou comandante, respectivamente. Concederáselles na reserva con efectos do 1 de xullo seguinte á data en que reúnan as condicións.»

Quince. Modifícase a disposición transitoria sétima, que queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición transitoria sétima. *Ascenso de suboficiais ao emprego de tenente.*

1. Todos os suboficiais que obtivesen o emprego de sarxento a partir do 1 de xaneiro de 1977 e con anterioridade ao 20 de maio de 1999, data de entrada en vigor da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas, e que non teñan limitación legal para alcanzar o emprego de subtenente, poderán obter, logo de solicitude, o emprego de tenente das escalas de oficiais da Lei 17/1999, do 18 de maio, que se lles concederá coa data en que pasasen ou pasen á situación de reserva nos termos establecidos nesta lei, con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos desde a data de ascenso, sen prexuízo do establecido nos números 2 e 3 seguintes.

2. Aos suboficiais que ascenden ou ascendan ao emprego de tenente con máis de 58 anos en virtude desta disposición concederáselles tal emprego con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos desde a data en que fixeron a dita idade. Ademais, aos suboficiais maiores que pasasen á situación de reserva por seis anos de permanencia no emprego até o 1 de agosto de 2013 concederáselles o emprego de tenente con antigüidade, tempo de servizos e efectos económicos desde a data en que fixeron os 56 anos.

3. Os suboficiais mencionados no número 1 que pasasen ou pasen á situación de reserva en aplicación do artigo 113.3 poderán obter, logo de solicitude, o emprego de tenente das escalas de oficiais da Lei 17/1999, do 18 de maio, cando cumplan os requisitos necesarios para o paso á reserva establecidos na disposición transitoria oitava, ou no artigo 113, números 1.b e 4, todos desta lei, e computaráselles para estes efectos o tempo en reserva.

4. Os suboficiais que ascenden ou ascendan ao emprego de tenente, en aplicación da Lei 17/1999, do 18 de maio, ou desta disposición, para os únicos efectos da determinación da orde de escalafón na situación de reserva, ocuparán, cada un deles, o posto que lles corresponda segundo o emprego alcanzado na situación de servizo activo e a antigüidade que tiñan neste.»

Dezaseis. Modifícase o número 4 da disposición transitoria oitava, que queda coa seguinte redacción:

«4. Até o 31 de xullo do ano 2013 seguirá sendo de aplicación o suposto de paso á situación de reserva previsto no artigo 144.2.b) da Lei 17/1999, do 18 de maio,

para os pertencentes aos corpos xerais, de infantaría de marifa e de especialistas, estendido a partir do 1 de xullo do ano 2009 aos tenentes coroneis procedentes das escalas de oficiais dos ditos corpos que se integrasen nas novas escalas, e seralles de aplicación o previsto no artigo 113.6 da presente lei. No caso de que non teñan feitos os cincuenta e seis anos atrasarase o paso á reserva ao momento de facer esa idade.

Até o 30 de xuño de 2019 o persoal mencionado no parágrafo anterior, así como os tenentes coroneis procedentes das escalas de oficiais que non se integrasen nas novas escalas e os suboficiais maiores dos citados corpos, con máis de trinta e tres anos desde o seu ingreso nas Forzas Armadas, poderán solicitar o paso voluntario á reserva sempre que teñan feitos cincuenta e oito anos de idade, e seralles, así mesmo, de aplicación o previsto no artigo 113.6. No caso de que non teñan feita esa idade no momento da petición, concederáselles con efectos da data en que a fagan, aínda que esta sexa posterior á indicada no inicio deste parágrafo.»

Dezasete. Introdúcese unha disposición transitoria nova, a décimo terceira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria décimo terceira. *Concesión de emprego honorífico a retirados.*

1. Aos tenentes coroneis, comandantes e capitáns que, a partir da entrada en vigor desta lei, pasasen ou pasen a retiro por insuficiencia de condicións psicofísicas producidas en acto de servizo, pertencesen a unha escala en que exista o emprego de coronel, non teñan limitación legal para ascender e cumpran antes do 30 de xuño do ano 2019 dez anos no seu emprego, computando o tempo en servizo activo, reserva, se for o caso, e retiro, poderáselles conceder o emprego honorífico de coronel, tenente coronel ou comandante, respectivamente, que se asignará con antigüidade do 1 de xullo seguinte á data en que reúnan as condicións.

2. O indicado na disposición transitoria sétima será de aplicación nos mesmos termos e condicións a aqueles suboficiais que, estando incluídos na dita disposición, pasasen ou pasen ao retiro por insuficiencia de condicións psicofísicas producidas en acto de servizo, e concederáselles o emprego honorífico de tenente coa antigüidade da data en que terían pasado á situación de reserva de teren continuado en servizo activo.

3. O persoal dos números 1 e 2 anteriores, cuxo paso ao retiro por insuficiencia de condicións psicofísicas non sexa en acto de servizo, poderá ascender nas mesmas condicións que aqueles, sempre que ao pasar ao retiro conte con vinte anos de tempo de servizos desde a adquisición da condición de militar profesional.

4. Non procederá a concesión destes empregos ao militar ao cal, en aplicación do artigo 24, lle fose concedido un emprego con carácter honorífico superior a alférez.

5. A concesión destes empregos efectuarase logo de solicitude dos interesados e non terá ningún efecto económico nin suporá modificación da pensión que como retirado perciba o interesado.»

Disposición adicional primeira. *Prazo para a solicitude da asignación de empregos a persoal afectado pola modificación da disposición adicional décima.*

O persoal afectado pola modificación da disposición adicional décima da Lei 39/2007, do 19 de novembro, terá un prazo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei para solicitar a asignación dos empregos correspondentes.

Disposición adicional segunda. *Informe de procesos de promoción do Observatorio da Vida Militar.*

O Observatorio da Vida Militar, no ámbito das funcións atribuídas polo artigo 54 da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, recollerá no seu informe anual os resultados da aplicación efectiva do artigo 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, de maneira que se valore a eficacia dos procesos de promoción interna.

Disposición transitoria única.

Durante o curso académico 2015-2016 será de aplicación o disposto no número tres da presente lei, que modifica o número 2 do artigo 56 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.*

A Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 4 queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Adquisición da condición de militar de tropa e mariñeiría.*

A condición de militar de tropa e mariñeiría adquirese ao obter o emprego de soldado ou mariñeiro concedido polo xefe de Estado Maior do exército correspondente, unha vez superado o período de formación establecido na convocatoria de probas selectivas para o acceso a tal condición e asinado o compromiso inicial que se establece no artigo 7, e en cuxa virtude quedará incluído no réxime da Seguridade Social que corresponda.»

Dous. O número 1 do artigo 7 queda redactado como segue:

«1. O compromiso inicial será suscrito de forma inmediata e voluntaria por aqueles aspirantes a militar de tropa e mariñeiría que superasen o período de formación establecido na convocatoria de probas selectivas para o acceso a tal condición. Neste compromiso inicial especificaranse, en todo caso, a súa duración e o destino, así como outras circunstancias relacionadas coa traxectoria profesional do soldado e mariñeiro que, en todo caso, formarán parte da información xeral facilitada a estes antes de iniciarse como alumnos do centro militar de formación.»

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 14 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY